



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE CORISTANCO PARA A ADECUACIÓN DUN BAIXO NO EDIFICIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES DE CORISTANCO, PARA ZONA DE DESCANSO DE BASE DE PROTECCIÓN CIVIL

I. Departamento que tramita o convenio.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de protección civil, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio).

II. Antecedentes.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de cooperación co concello de Coristanco para a adecuación dun baixo, no edificio de servizos múltiples de Coristanco, situado na rúa da Pataca, para zona de descanso de Base de Protección Civil.

O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, establece que esta consellería, é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de protección civil, en virtude do establecido no Decreto 42/2024, do 14 de abril polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG número 73 do 14 de abril) e no Decreto 49/2024, do 22 de abril (DOG número 81, de 24 de abril) polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndelle á Xunta de Galicia ás competencias de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscrición de convenios.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, estipula que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia dispoñen que a Xunta de Galicia poderá subscibir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

A Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, establece no seu artigo 10 que á Xunta de Galicia correspóndelle a superior coordinación e dirección da protección civil, a xestión dos servizos que se considere preciso prestar de forma unitaria para todo o





territorio galego e a xestión das emerxencias que superen os medios de resposta dos que dispón as entidades locais.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (artigo 25. 2 º, parágrafo c), así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (artigos 80, 81 e 82) determinan que o concello, como entidade básica da organización territorial do Estado, é a vía de participación dos seus cidadáns en diferentes materias tales como a protección civil, as emerxencias e a prevención de riscos.

III. Finalidade.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Coristanco o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

IV. Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Coristanco para a adecuación dun baixo de descanso de base de protección civil cun orzamento total **corenta e sete mil seiscientos setenta e cinco euros con corenta céntimos (47.675,40€)** IVE incluído, cuxa desagregación se inclúe no anexo I do convenio, do cal forma parte.

V. Fundamentos do convenio.

No ano 1996 constituíse en Coristanco unha Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, inscrita co número 1245 no rexistro de Agrupación / Asociación de Protección Civil da Secretaría Xeral para a protección civil e medio ambiente de Presidencia. Este colectivo de voluntarios de protección civil, dende a súa formación , esta a prestar a poboación un gran servizo en todo tipo de actuacións: accidentes, incendios, inundacións, procura de persoas, colaboración con outras forzas da autoridade (garda civil, bombeiros, policía local, etc...) e actos cívís, así como colaboración con outras agrupacións municipais de voluntarios e provincial.

Na actualidade esta agrupación non dispón de un local para o descanso, nin vestiarios para que os voluntarios poidan minimamente ter unhas condicións para o desempeño das súas labores como voluntarios.

O colectivo formado polos voluntarios de protección civil de Coristanco, é un colectivo moi valorado dentro da poboación de Coristanco, tanto polo seu labor solidario nos distintos festexos culturais e sociais do municipio, como no seu análise crítico e laboral , tanto para evitar situacións de alto risco, como a hora de sufocalas ou participar tanto na súa extinción, como de colaborar en intervencións ou operativos de outros grupos de seguridade cidadá.

O obxecto do convenio é dar solución ao equipo de voluntariado da base de protección civil, o cal non dispón dun local de descanso, dun vestiario para poder mudar a roupa, nin dunha sala a pé dos equipos de intervención, onde pode esperar en quendas a que a súa presenza sea necesaria.





Para resaltar a importancia do grupo de protección civil de Coristanco, coa creación dun espazo para eles, non hai mellor sitio para resaltar a labor social deste colectivo que un edificio municipal dedicado exclusivamente as actividades socio-culturais do municipio, como é o edificio de servizos múltiples do Concello de Coristanco, situado na Rúa da Pataca. Habilitarase unha zona próxima ao lugar onde quedan gardados e custodiados os equipos de intervención de protección civil, para que a súa intervención se faga nunhas condición óptimas. Así, ante unha posible emerxencia, os voluntarios estarán ó lado dos equipos, ó lado da súa vestimenta, e poden facer quendas de garda.

Trátase de dividir un espazo existente para crear estas “salas” necesarias para os voluntarios. Ademais, como xa os equipos de emerxencia están custodiados nese lugar, dotarase ó mesmo dun pavimento adecuado a zona de vestiarios. De esta maneira os voluntarios contarán cunha superficie que sirva de soporte de vehículos e ademais, permita, unha vez sacados para fóra, facer pequenos simulacros de actuación, no que poidan participar diferentes colectivos para favorecer a aprendizaxe e a concienciación social, propia dun edificio destinado a un ámbito socio – cultural.

O Concello de Coristanco manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a adecuación dun baixo, no edificio de servizos múltiples de Coristanco, situado na rúa da Pataca, para zona de descanso de Base de Protección Civil.

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, dispoñen que os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre as que se atopan a seguridade en lugares públicos, a protección civil e extinción de incendios polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte as súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de emerxencias.

A necesidade da colaboración solicitada á Consellería acentúase pola confluencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á cal poida acollerse este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

Por outra banda, a falta de recursos dun concello pequeno para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público, e necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configura un contexto do cal se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Coristanco de afrontar en solitario os compromisos económicos que a execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a Facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a



normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Coristanco.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dese concello para a mellora das infraestruturas municipais.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

VI. Actuación da subvención

Preténdese a creación dun espazo para das charlas e facer demostracións de carácter social sobre como debe comportarse a sociedade perante unha situación de emerxencia, así mesmo estas salas servirán como garda de vehículos de emerxencia.

Preténdese ademais a creación duns vestiarios para que os voluntarios poidan deixar a roupa de emerxencia e asearse despois dunha intervención.

As obras a realizar son:

- ✓ Colocación de tabique de ladrillo a medio pé para delimitar a zona , respecto resto de almacén municipal.
- ✓ Execución de tabiques divisorios de estancias , así como de trasdosado dos cerramentos exteriores de formigón
- ✓ Colocación de falso teito de placa de escaiola
- ✓ Execución de instalación eléctrica e instalación de fontanería
- ✓ Execución de revestimento de solo e paredes
- ✓ Tapiado de porta





- ✓ Execución de porta de acceso no portal existente
- ✓ Pintado do local
- ✓ Retirada e xestión dos residuos producidos durante o proceso de execución, a través de contedor de 6 m³

VII. Importe e aplicación orzamentaria.

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima corenta e dous mil novecentos sete euros con oitenta e seis céntimos IVE incluído, **(42.907,86 €)** con cargo á aplicación orzamentaria 35.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088). Esta cantidade representa o 90 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio, e que ascende a corenta e sete mil catrocentos setenta e cinco euros con corenta euros **47.675,40 €** (IVE incluído).

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico

Francisco Javier Abad Pardo

